



## RESUMO PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 1º BACHARELATO

### Obxectivos para o Bacharelato:

1. Comezar a exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e avanzar no proceso de adquisición dunha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Avanzar cara a consolidación dunha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma cada vez máis responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Procurar prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, avanzar na análise crítica das desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Avanzar no dominio, tanto na súa expresión oral como na escrita, da lingua galega e da lingua castelá.
6. Lograr para a expresión maior fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Mellorar o uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación.
8. Coñecer cada vez mellor e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar cada vez máis de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e procurar o dominio das habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10. Mellorar a comprensión dos elementos e dos procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Avanzar no coñecemento da contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida e valoralo de forma crítica; así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
11. Avanzar no afianzamento do espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12. Desenvolver cada vez máis a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Os contidos están repartidos en 9 unidades didácticas que se verán do seguinte xeito:

<p>-1ª AVALIACIÓN: <b>UNIDADE 1</b> Comunicación e linguaxe (Unidade 1 do libro) <b>UNIDADE 2</b> O texto e a tipoloxía textual (Unidade 2 do libro) <b>UNIDADE 3</b> O galego antigo e a lírica medieval (Unidade 9 do libro)</p>	<p>-3ª AVALIACIÓN: <b>UNIDADE 7</b> GRAMÁTICA: Os determinantes e outros pronomes (Unidade 6 do libro) O verbo (Unidade 7 do libro) O adverbio, as preposicións e as conxuncións (Unidade 8 do libro) <b>UNIDADE 8</b> LITERATURA: Dos Séculos Escuros ao Prerrexurdimento (Unidade 12 do libro) <b>UNIDADE 9</b> LITERATURA: Rexurdimento, Rosalía de Castro (Unidade 13 do libro) Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez (Unidade 14 do libro)</p>
<p>-2ª AVALIACIÓN: <b>UNIDADE 4</b> LITERATURA: A literatura galega medieval (Unidades 10 e 11 do libro) <b>UNIDADE 5</b> SOCIOLINGÜÍSTICA: Lingua e sociedade (Unidade 3 do libro) <b>UNIDADE 6</b> GRAMÁTICA: O substantivo e o adxectivo (Unidade 4 do libro) O pronome persoal (Unidade 5 do libro)</p>	



### **Criterios sobre a AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN e a PROMOCIÓN do alumnado:**

En 1º de Bacharelato cada avaliación a cualificación obterase a partir dos seguintes criterios:

- As **probas escritas** suporán o 80% da cualificación (8 puntos). Haberá unha ou dúas probas escritas por avaliación.
- Outras probas obxectivas: traballo diario, traballos individuais e/ou colectivos, actividades de expresión escrita e oral etc. Suporán un 10% da nota, tendo en conta que algunhas destas probas -actividades de expresión oral e escrita- poderán ter unha valoración cualitativa e non cuantitativa. A data de presentación de tarefas será inaprazable. No caso de non seren entregadas nas datas sinaladas polo departamento e non ter unha causa xustificada, non serán avaliadas. Tamén se poderán cualificar cun cero as tarefas copiadas ou plaxiadas.
- Libro de **lectura**: 10% (1 punto). Será avaliado preferentemente cunha proba escrita da lectura, que se poderá complementar cunha proba oral consistente nunha exposición individual ou en equipos. Mantense aberta a posibilidade da realización dun traballo.

A cualificación das **tarefas escritas** (probas de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc..) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.

### **A AVALIACIÓN ORDINARIA E A RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO:**

#### **- Cualificación final do curso:**

a. O alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas superará o curso. A nota final será a media aritmética da das tres avaliacións sen redondeo, é dicir, a nota media farase, sempre, a partir das notas numéricas reais, non das notas redondeadas en boletíns. O alumnado, para superar a materia deberá acadar un mínimo de 5 puntos (utilizando o redondeo matemático).

b. Alumnado que non superou como mínimo dúas das tres avaliacións: tarefas de reforzo e unha proba de recuperación global, que será ponderada nun 80% (Non haberá proba de recuperación das lecturas. Si haberá esta proba escrita que recollerá os demais contidos do curso.) Á cualificación obtida nela, súmanselle as cualificacións que tiña nos demais parámetros ("outras probas obxectivas" e "lectura") e vólvese recalcular a nota.

c. Alumnado que superou dúas avaliacións, pero que non acadara a media suficiente, igual ou superior a 5: tarefas de reforzo dirixidas a superar a parte do temario pendente. Pode supoñer a realización dunha proba escrita parcial, que será ponderada nun 80% (Non haberá proba de recuperación das lecturas. Si haberá esta proba escrita que recollerá os demais contidos do curso.) Á cualificación obtida nela, súmanselle as cualificacións que tiña nos demais parámetros ("outras probas obxectivas" e "lectura") e vólvese recalcular a nota.

#### **- Puntualizacións importantes:**

- Non se realizarán probas de recuperación trimestrais, xa que esta se posibilita por medio da adecuada progresión ao longo do curso e mediante a compensación dunhas avaliacións coas outras.
- O plaxio en traballos ou probas escritas implica unha nota de 0 nese traballo ou exame.
- O tratamento das faltas de ortografía. En 1º de Bacharelato terase en conta ao cualificar ao alumnado o seu grao de corrección na utilización da lingua tanto na súa expresión oral como escrita. Establécese unha listaxe de faltas\* ou erros que atinxen á ortografía (no caso da escrita) e tamén á morfoloxía e sintaxe. A cualificación das tarefas escritas (probas de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc..) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate. Adaptaremos o criterio en casos de disortografías, dislexias, disgrafías etc, en coordinación co departamento de



orientación.

- De cara á consecución dos obxectivos de etapa e de materia valorarase a adopción por parte do alumnado dunha posición de respecto e valoración do idioma galego, da riqueza cultural, da riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.

## ANEXO I

### LIBROS DE LECTURA OBRIGADA:

Cada trimestre hai que ler unha destas obras. No 2º e 3º trimestre poderedes escoller entre varias propostas. Tras a lectura realizarase unha proba escrita ou un traballo sobre os contidos das obras.

#### ● Lecturas obrigatorias

1ª avaliación :

CALLÓN, Carlos: *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez*. Xerais

2ª e 3ª avaliación:

BLANCO AMOR, Eduardo: *A Esmorga*. Galaxia.

COSTAS, L.: *Golpes de luz*. Xerais.

DIESTE, R.: *A fiestra valdeira*. Galaxia

FERREIRO, CELSO EMILIO: *Longa noite de pedra*. Xerais.

MEJUTO, Eva: *Memoria do silencio*. Xerais.

MÉNDEZ FERRÍN, X.L.: *O crepúsculo e as formigas*. Xerais.

OTERO PEDRAYO, R.: *Contos do camiño e da rúa*. Galaxia

PAZÓ, Cándido: *Fillos do sol*. Galaxia

RIVEIRO COELLO, A.: *As rulas de Bakunin*. Galaxia.

ROONEY, Sally: *Xente normal*. Rinoceronte editora.

YÁÑEZ, Antía: *Senlleiras*. Galaxia.

-----  

## ANEXO II

### \*LISTAXE DE ERROS ORTOGRÁFICOS:

Nas probas e actividades escritas as faltas ortográficas, que poderán descontar ata 2 puntos (sobre 10), teranse en conta seguindo os seguintes criterios:

#### FALTAS MOI GRAVES

- Escribir en castelán.
- Non distinguir entre **s/x**, **b/v**, **una/unha**...
- Acento diacrítico.
- Usar formas compostas co verbo **haber** \**he dito*.
- Antepoñer o pronome átono nas oracións simples ou nas principais das compostas \**o vin*, \**se nos dixo*.
- Non respectar as normas que imponen os signos ortográficos (uso de maiúsculas despois de punto, separación incorrecta de sílabas...).

#### FALTAS GRAVES

- Confundir o xénero de certos substantivos.
- Usar as formas do demostrativo popular \**estos* \**esos*.
- Non usar os posesivos co artigo diante \**nosas cousas*.



- Empregar o plural *\*quenes*.
- Usar as formas apocopadas *\*primer*, *\*primeir*.
- Escribir os numerais *\*cuarenta* *\*ochenta*, *\*quinientos*.
- Vacilar no uso dos cardinais *\*deceseis*, *\*dazaseis*.
- Deformación de formas dos indefinidos *\*alguién*, *\*ninguién*.
- Apocopar a forma calquera *\*calquer*, *\*calqueira*.
- Usar algún/algunha nas frases negativas *\*non me produciu satisfacción algunha*.
- Empregar indiscriminadamente os pronomes persoais *te/che, lle, lles/o, os* *\*xa te fixen o recado*, *\*chameille por teléfono*.
- Usar as formas do pronome suxeito como segundo termo da comparación *\*traballa máis ca eu*.
- Conxugar con erros *\*anduvén/andiven*, *\*podría*, *\*estuvo*, *\*iba*, *\*salgo*, *\*traigo*, *\*creer*, *\*supen*.
- Manter o grupo *-zc-* na 1ª persoa do presente de indicativo e no presente de subxuntivo *\*conduzco*, *\*obedezco*, *\*conduzca*, *\*obedezca*.
- Escribir a preposición *a* na perífrase IR + INFINITIVO *\*vou a ir ó cine*.
- Empregar verbos da 2ª conxugación como pertencentes á 3ª *\*batir*, *\*ocurrir*.
- Castelanizar certos adverbios e preposicións *\*ahora*, *\*hasta*, *\*sin*, *\*según*.

#### FALTAS LEVES

- Acentuación.

Nota: As incorreccións catalogadas como moi graves na escrita serán tidas en conta desde a 1ª avaliación e suporán un -0.2 menos na porcentaxe de expresión. As faltas graves reducirán - 0.1 puntos. As faltas leves serán sancionadas con -0.05 cada unha.

#### ERROS NA EXPRESIÓN ORAL:

Consideraranse faltas graves nas probas e actividades orais:

- utilización de tempos compostos,
- mala colocación dos pronomes átonos ,
- castelanismos léxicos e morfolóxicos,
- erros fonéticos graves como non pronunciar o n velar etc...

Restarase 0.20 por cada falta grave.

NOTA: O alumnado poderá expresarse na variante dialectal da que proceda.

-----